


# Instituto GeoGebra de Galicia



**Acta da reunión do Instituto GeoGebra de Galicia (IGG)**, celebrada o sábado **8 de setembro**, de 14 a 16 horas, na Cafetería da Residencia Monte da Condessa (Campus Sur), en Santiago de Compostela.

## Orde do día:

1. Informe de actividades.
2. Participación no vindeiro Día GeoGebra.
3. Proposta de novas actividades.
4. Organización e goberno do IGG
5. Rolda de intervencións.

## Membros asistentes

- M<sup>a</sup> Jesús Casado Barrio
- Pilar García Agra
- Esperanza Gesteira Losada
- Ignacio Larrosa Cañestro
- M<sup>a</sup> Cristina Naya Riveiro
- M<sup>a</sup> Teresa Otero Suárez
- Julio Rodríguez Taboada
- Fernando Zacarías Maceiras
- Enrique de la Torre Fernández

## 1. INFORME DE ACTIVIDADES.

Se informa das últimas actividades realizadas dende o Instituto.

Tal como se acordara na anterior reunión, organizouse en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, unha *Xornada de Presentación de GeoGebra 4 e o Proyecto Gauss en Galicia*, impartida por José Luis Álvarez, o día 17 de decembro de 2011.

Tamén en colaboración coa Facultade de Matemáticas, convocouse un curso de GeoGebra de 30 horas, homologado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Estivo a cargo de membros do Grupo XeoDin e impartíuse na Facultade de Matemáticas, os días 2, 3, 4, 5, 6 e 10 de xullo.

Completouse a tradución do GeoGebra 4 ao galego, e xa aparecen nos créditos da nova versión a autoría dos membros do Grupo XeoDin.

A páxina web do IGG mudará dentro dun tempo, para aparecer todas as informacións dentro da páxina de Agapema: [www.agapema.org](http://www.agapema.org). Posto que temos unha nova web de Agapema, onde se pode colgar todo tipo de informacións, fotos, arquivos e

formularios, conforme esta nova web vaia estando operativa e se completen os espazos novos, se irán trasladando a ela todo o que estaba na web do IGG ([agapemacoruna.com/geogebra](http://agapemacoruna.com/geogebra)).

## **2. PARTICIPACIÓN NO VINDEIRO DÍA GEOGEBRA.**

Os Institutos GeoGebra de España convocan, para o día 24 de novembro, sábado, en Segovia, un novo Día GeoGebra.

Na páxina web <http://diageogebra.info/> está toda a información para participar.

Celebrarase na Sede Central do Campus de Segovia (Praza Alto de los Leones, 1). Haberá dúas conferencias, unha de Markus Hohenwater e outra de José Luis Álvarez e Rafael Losada. Tamén se presentarán comunicacións e obradoiros simultáneos a cargo dos Institutos de Cataluña, Andalucía, Valencia, Castilla e Galicia.

Dende a organización pídesse que cada Instituto participe, alomenos, con dúas comunicacións. Na páxina web hai indicacións de cómo envialas e cómo inscribirse, ademais entregarse aos asistentes certificación da actividade homologada polo Ministerio.

Dende a organización, informaron de que teñen financiamento que lles permite pagar a viaxe e o aloxamento a dúas persoas que impartan cada obradoiro, e aloxamento soamente para dúas persoas de cada Instituto que presenten comunicación.

Temos xa unha proposta de comunicación a cargo da profesora Pilar García Agra. Precisamos entón unha comunicación máis, alomenos, para presentar ese día en representación do IGG. Por este motivo animamos aos presentes e aos ausentes, a quen se lles enviará este acta, para que se inscriban na celebración desde Día GeoGebra e presenten como comunicación as súas experiencias de utilización de GeoGebra en calquera dos niveis educativos.

## **3. PROPOSTA DE NOVAS ACTIVIDADES.**

Pídesse aos presentes que aporten ideas sobre actividades que dende o IGG se podan levar a cabo ou promover, e entre elas sinálase a posibilidade dalgún concurso.

Fernando Zacarías propón que se convoque un concurso de resolución de problemas con GeoGebra. Todos os presentes apoian a idea e discútense distintas posibilidades que podería presentar un tal concurso, como facelo virtual ou presencial, con problemas abertos ou máis pechados, distintos niveis, etc.

Acórdase estudar a maneira de facer unha convocatoria que chegue a todos os centros educativos, propoñendo un concurso que consistiría en resolver un problema aberto, de contido xeométrico, onde os estudantes debería presentar unha construción GeoGebra, acompañada dun texto que xustifique e explique a construción.

#### **4. ORGANIZACIÓN E GOBERNO DO IGG.**

O 20 de novembro próximo cúmprense dous anos dende a constitución do IGG e, tal como figura no documento de constitución e segundo acordo da Reunión do IGG do 29/6/2011, para esa data tense que propoñer presidente do IGG, por parte da Asemblea de membros, para logo ser nomeado pola Xunta Directiva de Agapema.

Convocarase entón a oportuna reunión nesas datas.

#### **5. ROLDA DE INTERVENCIONS.**

María Jesús Casado propón que os documentos e recursos de GeoGebra que se coloquen na páxina web do IGG ou en calquera outra, vaian acompañadas do correspondente Copy Right..

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 16:15 horas.